



CONCELLO DE VILASANTAR (A Coruña)

OS PERMISOS PARA AS FOGUEIRAS DE SAN XOÁN PODEN TRAMITARSE NO CONCELLO ATA O MARTES 23 DE XUÑO ÁS 14 HORAS

O Concello de Vilasantar ten aberto o prazo de solicitude de permisos para prender as tradicionais fogueiras na noite de San Xoán. Nesta edición, debido á pandemia do coronavirus e ás normas sanitarias aínda vixentes en Galicia, só se autorizarán fogatas en fincas e terreos privados, quedando restrinxida a súa realización en terreos públicos. As persoas interesadas teñen que cubrir unha solicitude indicando o lugar no que se acenderá o lume, que quedará baixo a súa responsabilidade, e comprometéndose a cumprir as seguintes normas medioambientais e sanitarias:

- Non facer moreas dunha altura excesivamente elevada para evitar problemas de seguridade
- Non facer a fogueira preto de lugares con vexetación
- Con exceso de vento non prender a fogueira
- Evitar usar nas fogatas materiais que co vento poidan provocar un incendio (ramas de eucalipto, papeis, etc.)
- Ter auga preto para actuar ante posibles escapes do lume
- Non utilizar na fogueira materiais contaminantes (pneumáticos, aerosois, etc.)
- Deixar a fogueira completamente apagada antes de marchar
- No caso de ter problemas debe chamar ao 085 ou ao 112 (a chamada é gratuíta)
- CUMPRIR AS NORMAS DAS AUTORIDADES SANITARIAS PARA PROTEXER A SAÚDE DE TODOS

Vilasantar, 15 de xuño de 2020

